

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 04/02/1976

Colección:

Data: 04/02/1976

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Insectario; A nova Sargadelos; Artes; Artes visuais; Autores/as; Espazos artísticos;

Mencionados:

Ramón de Artaza; Eduardo Blanco Amor; Laxeiro; Ramón Otero Pedrayo; Reimundo Patiño;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 04/02/1976

Compostela, 4-II-76

Querido Luis:

De Sargadelos enviáronme o espléndido Insectario que con tanto entusiasmo editou e prologou o Raimundo Patiño. Tantos anos soñando en facer edicións como ésta, ten que se sentir feliz ao presentar, prologada por el, unha colección de grabados teus. E eu tamén me alegrei moito de ver que leva adiante unhas arelas editoriais das que xa me falaba afervoadamente hai bastantes anos. Os grabados son fermosos. Resulta unha boa colección de insectos ennobrecidos polo arte, que mesmo os humaniza. Ramallos, Caracolas, Insectos, Pulpo, seres moi presentes no noso mundo vital que agora estarán tamén moi presentes no noso mundo cultural polo milagre do arte. Do teu arte.

Por aquí non hai grandes novidades. Bon, das novidades políticas coido que vos informarán os xornais de ahí. O que non sei si saberás, e esta noticia sei que che agrada, é que a Fundación Barrié outorgoulle a Blanco Amor unha beca vitalicia de 250.000 pesetas anuais. Tamén a Otero Pedrayo e mais ao Artaza Malvárez. E por iniciativa do Laxeiro, vanlle facer ao Eduardo un homenaxe os pintores, que consistirá nunha exposición en Vigo na que o importe das vendas será para o escritor homenaxeado. Supoño que, nestes días, estará feliz.

Apertas nosas para os dous

Ramón

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.